



**11 de maio de 2010.** O uso masivo de **herbicidas** para "limpar" as beiras das estradas incrementábase coa crise. Desta volta, na **50**

**N-5**  
e

entre Compostela e A Coruña vertéronse toneladas de herbicidas. A vexetación aparece sospeitosamente seca á beira da estrada e mesmo nos vias de servizo a carón de casas e leiras. Estas prácticas, anque legais, comportan serios riscos para a **saúde dos ecosistemas**

e non eliminan o **risco de lumes**


: incrementáno pola cantidade de mato seco que fica nas cunetas. Ademais, a chuva arrastra os químicos que contaminan a terra e os acuíferos penetrando nas cadeas tróficas.

Curiosamente, matas da herba da Pampa (*Cortaderia selloana*

) e outras invasoras moi difíciles de erradicar, sobreviven ao fumigado. No ano da biodiversidade, ADEGA recomenda substituír o uso de biocidas para o control da vexetación por

**rozas mecánicas selectivas**

, que ademais respecten as frondosas autóctonas, verdadeiros cortalumes naturais.



Os agroquímicos con que se fumiga, entre os que se contan herbicidas sistémicos moi tóxicos coma o **glifosato** (coñecido pola marca ROUNDUP -popularmente randón ou rondón-) pasan á terra e á auga ou son inxeridos polos animais, mesmo os domésticos. Deste xeito, especies que non eran o obxectivo da fumigación vense expostas a estas substancias, que acabarán chegando aos consumidores/as. Por outra banda, resulta evidente que os métodos de rozado químico non supoñen unha maior seguridade contra os lumes, ben ao contrario: toneladas de

biomasa seca permanece nas cunetas nas épocas de maior risco de lumes. O celne da ineficacia é o novidoso costume de fumigar e logo cortar a vexetación morta. Se logo rózase, que necesidade hai de fumigar antes con perigosos tóxicos? Non podería rozarse mecánicamente dende un principio?



Alén disto, non existe practicamente control das prácticas prohibidas á hora de fumigar, como non facelo preto de terras de cultivo e cursos de auga. Ao longo da estrada N-550 podemos observar continuamente exemplos deste mal uso onde os herbicidas aplícanse á beira de fincas de labor e gando, regatos e mesmo a carón das casas e xardíns. As administracións públicas deberían ser as primeiras en dar exemplo de responsabilidade ambiental, comprometéndose coa sustentabilidade e as boas prácticas ecolóxicas. Será moi recomendábel que cando menos nas estradas de titularidade pública favorecérase o emprego de **medios mecánicos**

fronte aos agroquímicos. A persistenza destas prácticas no proceder das administracións amosa un feble compromiso coa saúde e o ambiente.

Dende ADEGA solicitamos que cese o uso de herbicidas para a "limpeza" das estradas e a súa substitución por métodos de rozado mecánico que ademáis de ser inocuos, crian máis postos de traballo. Novamente pedimos á cidadanía que envíen as súas denuncias e fotos a ADEGA (através do mail [adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)) dando conta de máis casos, e indicando se é posíbel ademais do lugar, os quilómetros fumigados. O obxectivo é visibilizar e coñecer a magnitude dun problema que afecta á natureza e á nosa saúde, fronte ao que as administracións semellan estar cegas e xordas.